



A Xan gustáballe pintar as uñas,
ata que na escola se riron del.
Ese mesmo día, papá decidiu pintar
el as uñas tamén.



VIVAN AS UÑAS DE CORES!



Este libro está inspirado en feitos reais.

é
É G A L I T É

Vivan as uñas de cores!
Colección Egalité

© do texto: Alicia Acosta e Luis Amavisca, 2018
© das ilustracións: Gusti, 2018
© da edición: NubeOcho, 2020
© da tradución: Maruxa Zaera Landeira, 2020
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *¡Vivan las uñas de colores!*

Segunda edición: maio 2021
Primeira edición: maio 2020
ISBN: 978-84-18133-27-5
Depósito Legal: M-8852-2020

Impreso en Portugal.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.



VIVAN AS UNÑAS DE CORES!

ALICIA ACOSTA
LUIS AMAVISCA

ILUSTRADO POR GUSTI


nubeOCHO

A Xan encántalle pintar as uñas, sobre todo con cores alegres, **alegres coma el.**

Cando as pinta, goza mirando o divertidas e coloridas que semellan as súas mans.





Por que pinta as uñas Xan?
É sinxelo, non é misterio ningún:

porque lle gusta.



Moitas tardes, cando remata os deberes, Xan pídelle á súa nai as súas cores. Ela ten moitas, **unha caixa chea!** Son moi bonitas. A mamá divírtea, ela sempre sorrí, bícao e dállos.



Tamén a súa amiga Margarida ten cores increíbles.
Sempre que poden **pintan as uñas xuntos:**

—Verde con marrón? Moi tristeiro!

—Amarelo e rosa? Nooon!

—Pistacho e laranxa!

Eses si que combinan ben!



Un día, Xan levaba as uñas pintadas dunha fermosa cor vermella, pero así que chegou á escola, dous rapaces metéronse con el:

—Pintar as uñas é de nenas!

—Es unha nena! Es unha nena!

